

**A CULTURA
É UN DEREITO**

CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS

CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS

XXI XORNADAS

**CULTURA PARA TODAS:
ACCESO E INCLUSIÓN NAS
ACTIVIDADES CULTURAIS**

Martes, 11 de novembro de 2025

Centro Sociocultural de Fontiñas,
Santiago de Compostela.

www.aculturaeundereito.gal

Organiza:



**Deputación
DA CORUÑA**



A cultura é un dereito, e como tal, precisa ser accesible para todas as persoas. Neste camiño estanse a dar pasos importantes mais aínda insuficientes, en parte, debido ao descoñecemento sobre as barreiras que existen nos proxectos e espazos culturais, e das medidas de accesibilidade aplicables para reducir ou eliminar esas barreiras.

Téñense realizado faladoiros e xornadas arredor destes conceptos con enfoques principalmente teóricos, afastados da realidade do día a día do sector cultural e das posibilidades reais de aplicar medidas de accesibilidade, por iso esta proposta vai dirixida a dar a coñecer dun xeito concreto, cun enfoque práctico e útil, esas medidas que podemos tomar para achegar a cultura a todas as persoas.

Partindo desta idea de concreción e espírito práctico, a xornada formúlase cun inicio no que contextualizar e poñer sobre a mesa as medidas que existen, poder velas e tocalas e saber como poder aplicalas e executalas nos proxectos e espazos culturais. Posteriormente entramos en áreas concretas de accesibilidade, como a cognitiva e a física, describindo as barreiras e solucións aplicables.

Estas mesas específicas serán impartidas por profesionais con ampla experiencia na materia e na súa exposición en formacións, como son Rubén Capelán, Fran Carreira e Aitana García.

Para rematar a xornada, abriremos un tempo de consultas específicas do público participante, das dificultades que se atopan á hora de facer máis accesibles as súas actividades e/ou espazos culturais.

A CULTURA É UN DEREITO

MARTES 11 NOVEMBRO PROGRAMA

16.00 h-16.30 h.

Acreditacións e presentacións.

16.30 h-18.00 h.

Mesas formativas:

- Introducción á accesibilidade cultural: barreiras e medidas, **Rubén Capelán.**
- Accesibilidade cognitiva e sensorial: melloras para a comprensión da contorna, **Aitana García.**
- Accesibilidade nos espazos: barreiras físicas e solucións, **Fran Carreira.**

18.00 h-18.30 h.

Pausa café.

18.30 h-20.00 h.

Casos prácticos, exemplos de boas prácticas e consultas de proxectos do público asistente, e peche da xornada.

AITANA GARCÍA



Técnica especialista en Accesibilidade Cognitiva e Sensorial na Federación Autismo Galicia. Licenciada en Pedagogía e diplomada en Educación Social, con experiencia na xestión de proxectos de accesibilidade cognitiva e educación inclusiva. Ao longo da súa carreira, traballou no deseño de contornas, ferramentas e materiais que favorecen a autonomía e participación de persoas con diversas necesidades, especialmente no ámbito do autismo e a discapacidade.

FRAN CARREIRA



Arquitecto e usuario de cadeira de rodas, conta cunha visión técnica e vital da accesibilidade. Actualmente desempeña o seu labor como asesor voluntario en accesibilidade universal, colaborando con administracións e entidades para mellorar a inclusión nos espazos urbanos e edificados en Galicia.

Experiencia destacada:

- Asesoramento técnico e voluntario en accesibilidade urbana e edificatoria.
- Revisión e aplicación normativa de accesibilidade en Galicia.
- Faladoiros e talleres de sensibilización dirixidos a técnicos municipais e profesionais do sector.
- Creación de materiais visuais e gráficos para formación e difusión de boas prácticas en accesibilidade.

RUBÉN CAPELÁN



Xestor cultural especializado en accesibilidade cultural, como consultor de accesibilidade e técnico de accesibilidade auditiva. Leva 15 anos vencellado á música e ao asociacionismo cultural.

Como consultor en accesibilidade, ten prestado servizos en diversos eventos como o Festival Portamérica, Festival Noroeste, Festival Maré..., entre outros.

Ademais, ten coordinado e impartido xornadas sobre accesibilidade na cultura de forma presencial no Centro Ágora e de xeito virtual para a Plataforma Jazz España. Recentemente participou como relator nos faladoiros sobre cultura accesible dentro do Festival IKFEM de Tui-Valença.